



Concello do Porriño

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

Este Concello pretende someter a tributación o especial aproveitamento privativo do dominio público local derivado das instalacións situadas dentro do termo municipal e necesarias para o transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos para o que é preciso a aprobación dunha Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS neste termo municipal. Dita Ordenanza ten carácter regulamentario.

Co obxectivo de garantir a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas con rango regulamentario e, en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, deberá realizarse un trámite de consulta, previa á redacción do borrador da ordenanza que se pretenda impulsar, a fin de recabar opinión das persoas cidadás e das organizacións máis representativas que potencialmente poidan verse afectadas pola norma.

A estes efectos, a consulta versa sobre os seguintes aspectos:

- A.Os problemas que se pretenden solucionar coa Ordenanza
- B.Os obxectivos da mesma
- C.A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- D.As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

Visto o exposto, sométese á consulta pública a elaboración da Ordenanza citada, o que se fai público no portal web de transparencia deste Concello, establecéndose un prazo de 20 días hábiles nos que se posibilita a opinión das persoas cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente poidan verse afectadas pola norma.

As opinións citadas deberán ser manifestadas mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello e utilizando ao efecto o rexistro de entrada do mesmo, en base á seguinte:

MEMORIA

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850



Cod. Validación: ANNM05WCG6PR7RM7A2EHLNAC | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Porriño

Preténdese solucionar a problemática derivada da falta de regulación de certos feitos impositivos que se poñen de manifesto pola utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local.

Para iso preténdese dispoñer da normativa necesaria para facer uso da potestade tributaria municipal que permita gravar a utilización privativa do dominio público local derivado das instalacións de transporte de enerxía, poñendo, para iso en valor os bens de titularidade municipal que, pola súa propia natureza xurídica están afectados a un uso xeral, pero non obstante están sendo utilizados por particulares para o exercicio das actividades citadas, o que pon de manifesto o seu aproveitamento especial ou mesmo a súa utilización privativa.

O gravame local se pretende establecer mediante a asignación de tarifas asociadas ao “valor de esa utilización especial” por aquelas empresas que realizan actividades de transporte de enerxía dispoñendo para iso do dominio público local, sendo que a utilidade derivada dese uso ten íntima vinculación co beneficio económico.

No momento actual, as citadas empresas non pagan por dita utilización ou aproveitamento especial asociado ás actividades de referencia.

O acordo de establecemento se adoptará á vista dun informe técnico-económico, no que se poñerá de manifesto o “valor de mercado” desa utilización. As tarifas se relacionarán directamente coa intensidade do uso e o seu método de cálculo adaptarase aos parámetros previstos nel. En todo caso se tomará como referencia as convalidacións efectuadas polas recentes resolucións xudiciais ditadas ao efectos e que dan total validez ás ordenanzas fiscais ditadas polos concellos. En especial, adaptaranse as seguintes sentenzas do Tribunal Supremo: sentenzas nº 2708/2016; nº 292/2019; nº 1659/2020 e nº 275/2021, así como a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo sobre a necesidade de ter en conta, á hora de fixar o tipo de gravame, a intensidade de uso do dominio público (sentenza nº 1659/2020; sentenza nº 1707/2020; sentenza nº 1681/2020; sentenza 1702/2020; sentenza nº 1682/2020; sentenza nº 1738/2020; sentenza nº 1759/2020 e sentenza nº 1783/2020).

O estudo técnico - económico antes citado formará parte do expediente de aprobación da Ordenanza, que á súa vez será obxecto de exposición ao público co trámite establecido no propio texto refundido da Lei de Facendas Locais (artigo 15 e seguintes).

Obxectivos da norma

Mellorar a regulación dos supostos de utilización privativa do dominio público local e regular a imposición e ordenación dun tributo propio municipal coa natureza xurídica de taxa denominado: “Taxa polo

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850



Cod. Validación: ANNM05WCG6PR7RM7A2EHLNAC | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Porriño

aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos”, determinando o feito impositivo da taxa, os obrigados tributarios, o deveción da taxa, período impositivo, as cotas tributarias e demais elementos reguladores do tributo, repercutindo á facenda local o froito derivado do aproveitamento privativo que dito dominio ten para os particulares que o utilizan nunha explotación privativa do mesmo en beneficio propio.

En concreto, someter á tributación vía taxa, dacordo coa legalidade vixente, a utilización privativa efectuada polas empresas que realizan transporte de enerxía, de auga, gas e hidrocarburos, se para iso utilizan o dominio público municipal titularidade deste concello.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Ven determinada en atención ao inventario de redes e instalacións efectuadas para o transporte de enerxía que inicialmente o concello ten avaliadas e que están situadas no dominio público municipal. Este inventario inicial pon de manifesto o nivel de uso e a intensidade da utilización privativa por empresas explotadoras de transporte de enerxía e determina a necesidade e oportunidade do seu gravame dacordo ao establecido nos artigos 133.2 e 142 da CE, o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e especificamente os artigos 15, 20 a 27 e 57 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado por RD 2/2004, de 5 de marzo.

Posibles solucións alternativas, reguladoras e non reguladoras.

Non existen solucións alternativas á imposición mediante a aprobación da Ordenanza fiscal, de acordo co disposto no artigo 12.2 e 15 do TRLRHL e o artigo 106.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Documento asinado dixitalmente á marxe

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850



Cod. Validación: ANNM05WCG6PR7RM7A2EHLNAC | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3